



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Camariñas

Data: 29/07/26 13:00:19

Exposición: 29/07/26 13:00:19 a 31/08/26 23:59:59

Anuncio

Departamento de persoal

Public. decreto aceptación prop. tribunal contrat. requir. proceso selectivo coordinador RA 2026

Información:

EXP: 2026/E001/000004

ANUNCIO

ACEPTACIÓN DA PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DUNHA PERSOA COORDINADORA PARA O PROXECTO

“PREVENCIÓN DE INCENDIOS NAS FRANXAS SECUNDARIAS” (PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026

- TR351G) e requirimento de documentación.

EXPTE.: 2026/E001/000004

DATA DE PUBLICACIÓN NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO: 29 DE XULLO DE 2026.

Para xeral coñecemento faise público o Decreto da Alcaldía de data 29 de xullo de 2026, mediante o cal se acepta a proposta realizada polo tribunal cualificador para a contratación dun coordinador/a para o proxecto municipal “Prevención de incendios nas franxas secundarias” (PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026), decreto que a continuación se transcribe:

“DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: ACEPTACIÓN DA PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DUNHA PERSOA COORDINADORA PARA O PROXECTO

“PREVENCIÓN DE INCENDIOS NAS FRANXAS SECUNDARIAS “RURAL ACTIVO 2026 (TR351G) E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.

EXPEDIENTE: 2026/E001/000004

Vista a acta e a proposta do Tribunal Cualificador do proceso de selección, mediante o sistema de concurso, dunha persoa coordinadora para o proxecto municipal “Prevención de incendios nas franxas secundarias”, ao abeiro da subvención concedida no marco da Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Camariñas

Data: 29/07/26 13:00:19

Exposición: 29/07/26 13:00:19 a 31/08/26 23:59:59

regulan

as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G).

Considerando que a proposta de contratación dunha persoa coordinadora para o proxecto municipal "Prevención de incendios nas franxas secundarias" que fai o tribunal basease na puntuación final obtida polos aspirantes, aplicándose no caso de empate o reflexado nas bases da convocatoria, sendo o proposto o primeiro/a aspirante da listaxe ordenada por puntuacións finais, isto é:

-- NÚM.

-- APELIDOS E NOME

-- PUNTUACIÓN

-- 1

-- PÉREZ LEMA, ÁNGELA MARÍA

-- 2,00

Visto que así mesmo o tribunal ten elevado a correspondente listaxe por orde decrecente de puntuación totais/finais do/s aspirante/s que non acadaron a maior puntuación final e que non teñen dereito a formalización do contrato de traballo, aos efectos da creación dunha bolsa de emprego.

Visto, pois, o disposto na base 8ª da convocatoria, en uso das competencias que me atribúe



Anuncio

Publicado na Sede Electrónica de: Concello de Camariñas

Data: 29/07/26 13:00:19

Exposición: 29/07/26 13:00:19 a 31/08/26 23:59:59

o art. 21 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

ACORDO:

Primeiro: Aceptar a listaxe de aprobados formulada polo tribunal cualificador no proceso de selección para a contratación dunha persoa coordinadora para o proxecto municipal “Prevención de incendios nas franxas secundarias” ao abeiro da subvención concedida no marco da Orde do 22 de xaneiro de 2026, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo.

Segundo: Aceptar a proposta realizada polo tribunal cualificador de contratación de D^a Ángela María Pérez Lema, para os posto de coordinadora para o proxecto municipal “Prevención de incendios nas franxas secundarias”.

Terceiro: Requerir á aspirante proposta, D^a Ángela María Pérez Lema, para que dentro do prazo máximo de 3 días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente acordo, proceda a presentar a documentación a que fai referencia a base 8^a da convocatoria.

Cuarto: Facer público o presente decreto mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello e a efectos meramente informativos na sede electrónica do Concello de Camariñas.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública”.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldesa en funcións D^a Sandra Insua Rial.